

MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA

OBXECTO: Convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello de Ortigueira para subministro dunha bancada móbil para o campo de fútbol municipal de Ortigueira na parroquia de San Claudio.

COMPETENCIA: A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27. 22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do Deporte.

No exercicio da devandita competencia, o Parlamento de Galicia ditou a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que no artigo 4 dispón que “no ámbito das súas respectivas competencias, as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte conforme aos seguintes principios: j) A planificación e promoción dunha rede de instalacións deportivas que posibilite a xeneralización práctica da actividade deportiva”.

Pola súa parte, o artigo 9 establece que as competencias en materia de deporte das diferentes administracións públicas de Galicia exerceranse baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral.

E o artigo 6 establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

O Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, actualmente vixente en virtude da Disposición Transitoria do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes e, en particular, a promoción e execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público regula a colaboración interadministrativa entre dúas ou máis Administracións Públicas para un fin común.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón no artigo 25.2.1) que os concellos exercerán en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias as de promoción do deporte e instalacións deportivas.

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que os concellos exercerán entre outras competencias as



relativas a actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n) e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).

XUSTIFICACIÓN DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL: O fomento do deporte base e da actividade física son unhas das liñas de actuación prioritarias da Secretaría Xeral para o Deporte as cales reclaman unha mellor dotación das infraestruturas de libre acceso e mantemento alcanzable para poder chegar a todos os usuarios. En 2011 o Goberno autonómico aproba o Plan Galego para o Fomento da Actividade Física Saudable, que se articula e impulsa a través da Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego, como oficina técnica do Plan. Este Plan ten como obxectivo prioritario crear as condicións para que a poboación galega goce dunha vida máis activa, que permita conservar a saúde e a autonomía persoal, gozar de maior benestar e calidade de vida, e previr e reducir a presenza de enfermidades relacionadas co sedentarismo, desde a infancia ata a vellez. Para conseguir estes obxectivos faise necesario unha mellor dotación das infraestruturas de libre acceso e mantemento alcanzable para poder chegar a todos os usuarios.

OBXECTIVOS: A finalidade do convenio é establecer as bases de actuación das partes asinantes, regular as obrigas que cada unha asume e establecer o marco xurídico-administrativo das súas intervencións.

Ortigueira é un concello da provincia da Coruña de 214,9 km² e unha poboación de 5.420 habitantes (segundo o IGE do 2022). Integrado na comarca de Ortegal.

Este Concello está constituído por 22 parroquias. Ortigueira sitúase entre a serra da Capelada ao oeste e a serra da Coriscada e a serra da Faladoira ao leste

Case o 40 % da poboación dedícase ao sector primario e algo menos aos servizos. Naquel destaca o aproveitamento do bosque, a pesca, a agricultura de autoconsumo e a gandería. Pouco máis do 10% da poboación traballa na construción e algo máis na industria

O Concello de Ortigueira conta cunha serie de clubs e asociacións deportivas que abranguen dende o fútbol federado, judo, natación, rugby e outros. Equipos afeccionados e federados de diferentes disciplinas e modalidades deportivas que participan en competicións e ligas profesionais en categorías para nenos e senior.

O Concello dispón de diversas instalacións deportivas públicas que permiten aos cidadáns practicar diferentes modalidades deportivas entre as que destacan varios campos de fútbol, piscina municipal e pavillóns de deportes.

A realidade da comarca e as necesidades de servizos deportivos da súa poboación, requiren da correspondente actuación pública destinada á satisfacción e consecución destes intereses e da demanda existente.

O departamento municipal de Deportes do Concello de Ortigueira ten como misión promover e facilitar o acceso á práctica deportiva de tódolos cidadáns do concello.





Para levala a cabo, desenvolve as seguintes funcións: promover a creación de instalacións deportivas, xestionar convenientemente as instalacións existentes, organizar e desenvolver eventos e espectáculos deportivos e xestionar a oferta deportiva municipal mediante a cesión de instalacións, abonados e actividades.

O concello de Ortigueira dispón de dous campos de fútbol, un de herba natural e outro de herba artificial na parroquia de San Claudio. Neste último é onde se desenvolven tanto os adestramentos como os partidos ao longo de todo o ano. Está ubidado no interior da Ría de Ortigueira, pero é moi aberto e exposto aos temporais.

A actuación proxectada consiste nunha bancada móbil metálica que sería imprescindible para un desenvolvemento normal das actividades. Esta bancada sería a solución ideal para un inconveniente como son as condicións climatolóxicas bastante extremas en invernos con chuvias e ventos frecuentes..

Aas actuacións previstas son as seguintes:

-Colocar unha bancada móbil metálica en estrutura de aceiro e solo de madeira contrachapada.

-60 Asentos monobloque con respaldo alto.

A actuación a acometer consta de memoria valorada redactada polo técnico Dámaso Pico Balsa.

As administracións públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

ORZAMENTO ESTIMADO PARA O OBXECTO DO CONVENIO. EXISTENCIA DE CRÉDITO

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de **dezaoito mil vinte e nove euros (18.029,00 €)**, IVE incluído.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará ditas actuacións coa cantidade de **dezaoito mil vinte e nove euros (18.029,00 €)**, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 06.02.441A.760.0 (código de proxecto 2013 00039) do seu orzamento de gastos para o exercicio 2023.

Anualidade 2023	18.029,00 €
-----------------------	-------------

O orzamento total segundo o **proxecto ascende a 18.029,00 €** desagregado segundo o resumen que se reflicte a continuación:



**TÍTULO DO PROXECTO:**

Subministro dunha bancada móbil para o campo de fútbol Municipal de Ortigueira na parroquia de San Claudio

LOCALIZACIÓN:

Ortigueira. (A Coruña)

AUTOR:

Dámaso Pico Balsa.

ORZAMENTO SUBMINISTRO	14.900,00 €
IVE – 21%	3.129,00 €
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	18.029,00 €

Todo isto, tratando de conxugar as disponibilidades orzamentarias coas actuacións necesarias para o desenvolvemento da práctica deportiva nas debidas condicións de operatividade e seguridade, tendo en conta ademais os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Coherencia co Plan estratéxico de Galicia.

Estímase que esta actuación é coherente co Plan Estratéxico de Galicia, correspondendose cos seus:

- EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO

- PA 1.4 Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade

- OE 1.4.7 Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación galega, fortalecendo o deporte feminino e atendendo aos deportistas de alto nivel durante e despois da súa dedicación deportiva. Procura das condicións máis adecuadas que coadruen aos clubs e deportistas nas súas respectivas competicións deportivas dentro e fóra de Galicia.

Consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, constátase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2013 00039 "Subvencións para infraestruturas deportivas" é o PO1011 – Actuacións en infraestruturas e equipamentos deportivos cun valor previsto de:

- PO1011 – Actuacións en infraestruturas e equipamentos deportivos

30





Esta actuación sumada a convocatoria que se está a tramitar e outros posibles convenios que pola especificidade da actuación proceda asinar implicará que o valor deste indicador se cumpra.

A continuación, detállase a territorialización do gasto distribuído por provincias:

Provincia	Porcentaxe
A Coruña	30 %
Lugo	20 %
Ourense	20 %
Pontevedra	30 %

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia que como se describiu anteriormente consiste no subministro dunha bancada móbil para o campo de fútbol Municipal de Ortigueira na parroquia de San Claudio. Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

